



MANIFESTO CO GALLO DO DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES 8 MARZO 2024

Un ano máis, e como cada 8 de marzo, Día Internacional das Mulleres, as reivindicacións feministas exprésanse como un manancial de palabras que nos interpelan.

Desde a RUIXEU reivindicamos seguir avanzando cara a un horizonte universitario e social igualitario que permita combater os sexismos mentais inconscientes, a división sexual do traballo académico, as desigualdades derivadas da fenda de coidados e da fenda salarial de xénero, a segregación vertical e horizontal por sexos que historicamente impediu a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes.

Para facer que a ciencia sexa verdadeiramente xusta para todas e para todos cómpre que se desterre a fixación nunha idea estreita de éxito sen pausas vitais, que a cotío conduce ao esgotamento, a problemas de saúde e ao abandono de carreiras prometedoras. Porque, malia que mulleres e homes se matriculan en programas de grao e de posgrao en proporcións similares, a representación das mulleres diminúe ao longo da carreira científica. A ausencia de mulleres é especialmente clara en postos de liderado e nas máis altas escalas de recoñecemento investigador e docente, onde é importante aumentar a súa presenza para facer que o mundo académico sexa máis equitativo para elas.

Científicos e científicas traballan en contornas moi competitivas, polo que o desenvolvemento do espazo tanto persoal como familiar se converte nun reto especialmente duro para as mulleres no mundo académico. Unha das principais causas de que elas se vexan obrigadas a deixar a carreira científica é a maternidade e a pouca ou nula aplicación de medidas para fomentar a corresponsabilidade. Por outra banda, a existencia de acoso sexual e/ou por razón de sexo nas distintas estruturas profesionais e laborais é tamén unha realidade na universidade que afecta a todos os colectivos que a habitan, incluídas as estudantes.

Neste momento, no que a implementación dunha lei nova de universidades implica importantes retos que afectan especificamente aos cadros de persoal, é imprescindible e urxente situar as políticas de igualdade no deseño e na execución dos cambios que veñen e dotar as unidades de igualdade dos recursos suficientes e da interlocución política adecuada para cumprir cos novos mandatos legais que se lles suman aos preexistentes. Non facelo, suporá aumentar as diferentes fendas de xénero en lugar de traballar na súa erradicación. Como pon de relevo a declaración de Nacións Unidas para este 8 de marzo,

investir nas mulleres acelera o progreso. Acadar a igualdade de xénero e o benestar das mulleres en todos os ámbitos é máis crucial ca nunca se queremos xerar economías prósperas e acadar un planeta saudable.

Como especialistas en políticas públicas de igualdade propoñemos unha serie de ideas orientadas a favorecer un ambiente máis amable e equitativo que permitiría organizar, flexibilizar e distribuír equitativamente as actividades investigadoras, docentes e de administración e xestión entre membros dos equipos de investigación e diminuír problemas de acoso: distribución equitativa da carga de traballo (transparencia e a equidade na asignación de tarefas, especialmente no non remunerado e non recoñecido), implementación de accións positivas (mentoría, oportunidades específicas de financiamento e políticas de extensión deseñadas para apoiar e para reter mulleres talentosas), apoio ao embarazo e coidado de persoas dependentes con permisos parentais flexibles e a non penalización en procesos competitivos; organización de actividades en horario que facilite a conciliación, loita decidida contra a discriminación sexista e contra o acoso sexual e promoción dunha cultura de respecto, de igualdade e de tolerancia cero cara a calquera forma de discriminación e de prexuízo.

Neste senso, é importante recordar que un 62% das mulleres nas universidades europeas sufriron algún episodio de violencia (UNISAFE, 2023). Esta inxustiza interpela a unha sociedade que non recoñece as mulleres como pares e que sobrancea o mundo do emprego para converterse nunha intolerable realidade para a maioría das mulleres. A opresión do propio sistema patriarcal adquire mil formas monstruosas máis alá dos nosos espazos, como as sufridas polas mulleres de Gaza, de Ucraína e de todos os conflitos bélicos do mundo.

Na RUIXEU non podemos deixa de sinalar unha realidade contemporánea que está configurándose como unha nova ameaza. O ecosistema dixital converteuse nun dispositivo novo de discriminación e de violencia, con grandes implicacións para a academia e para a ciencia. Na actualidade, o coñecemento do mundo resólvese revisando pantallas, nun escaparate rexido por un réxime de tecnoloxía algorítmica que mantén o guiión patriarcal e mesmo a misoxinia. Polo tanto, é necesario acabar coa subrepresentación documentada das mulleres en liña e as imaxes dixitais que exacerban o nesgo de xénero e o sexismo. Abordar o efecto social deste feito a grande escala é esencial para que as ferramentas tecnolóxicas tamén representen e imaxinen mundos igualitarios.

Cada 8 de marzo conmemoramos ritualmente a posibilidade dunha nova sociedade. Nese sentido, reivindicamos a importancia do traballo desenvolvido polas unidades de igualdade das universidades para avanzar na eliminación das diferentes fendas que afectan ás mulleres e esiximos que a perspectiva de xénero integre todas as políticas universitarias. A RUIGEU ten que seguir sendo unha entidade á vangarda do traballo para trazar mapas, para construír escalas, para restablecer pontes rotas e para descubrir rutas novas cara a unha cultura académica libre de ataduras patriarcais, onde se garanta a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes.

Nas políticas de igualdade existe unha intencionalidade ética que interpela á sociedade no seu conxunto. Incorporar a perspectiva das mulleres e de xénero é desde hai máis dunha década unha obriga legal, en tanto que principio reitor de todos os poderes públicos, incluídas tamén as universidades, e ten que se lle aplicar á administración, á xestión, á

docencia, á investigación e á innovación. Por todo iso, as institucións universitarias teñen a responsabilidade de tomar medidas para un futuro máis equitativo e xusto. Non é posible a excelencia nin a calidade sen a igualdade.

8 de marzo do 2024

As universidades abaixo asinantes forman parte da Rede de Unidades de Igualdade de Xénero para a Excelencia Universitaria:

Universitat d'Alacant	Universitat de Lleida
Universidad de Alcalá	Universidad de Málaga
Universidad de Almería	Universidad Miguel Hernández de Elche
Universitat Autònoma de Barcelona	Universidad de Murcia
Universidad Autónoma de Madrid	Universidad Nacional de Educación a Distancia
Universitat de Barcelona	Universitat Oberta de Catalunya
Universidad de Burgos	Universidad de Oviedo
Universidad de Cádiz	Universidad Pablo de Olavide
Universidad de Cantabria	Universidad del País Vasco
Universidad Carlos III de Madrid	Universidad Politécnica de Cartagena
Universidad de Castilla-La Mancha	Universitat Politècnica de Catalunya
Universidad Complutense de Madrid	Universidad Politécnica de Madrid
Universidad de Córdoba	Universitat Politècnica de València
Universidade da Coruña	Universitat Pompeu Fabra
Universidad de Deusto	Universidad Pública de Navarra
Universidad de Extremadura	Universitat Ramon Llull
Universitat de Girona	Universidad Rey Juan Carlos
Universidad de Granada	Universitat Rovira i Virgili
Universidad de Huelva	Universidad de Salamanca
Universitat de les Illes Balears	Universidade Santiago de Compostela
Universidad Internacional de Andalucía	Universidad de Sevilla
Universitat Internacional de Catalunya	Universitat de València
Universidad de Jaén	Universidad de Valladolid
Universitat Jaume I de Castellón	Universitat de Vic- Universitat Central de Catalunya
Universidad de La Laguna	Universidade de Vigo
Universidad de La Rioja	Universidad de Zaragoza
Universidad de Las Palmas de Gran Canaria	
Universidad de León	

